



Rogos e preguntas do Pleno de marzo de 2020

Rogos formulados por Dona María Elena Estévez Freire.

1. Roga se recollan os restos e refugallos dunha obra nun muro, executado na praia de Covelo, en Xuño de 2019.

Rogos formulados por Dona María del Carmen Núñez Rey.

1. Roga que se arranxen os pivotes na Rúa Simón Bolívar, xa que os coches non poden saír.
2. Roga que se arranxen as luces fundidas no cuarto de baño dos homes do campo de fútbol.
3. Roga que se arranxe a luz fundida da luz que está en fronte do centro de día.

Rogos formulados por Don Jesús Ángel Rodríguez Piedras.

1. Roga que se arranxe a baixante de auga que hai no final do acceso ao pavillón Herbello que afecta á pasarela.

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

1. **Cales son os cambios ou melloras na Rúa A Pedra tras a reunión cos veciños? As achegas dos veciños non se tiveron en conta nun momento inicial.**
Todas as solicitudes que foron trasladadas ao Concello de Bueu a través das reunións que se mantiveron por parte da alcaldía coas direccións dos centros educativos, e anpas, responsable do Centro de Saúde e coas persoas residentes e/ou propietarias do ámbito desta actuación, estudáronse dende o punto de vista técnico e/ou contractual e aplicáronse as que foron viables. Tivéronse en conta ao longo da execución da obra todas as cuestións achegadas pola cidadanía, o que conlevou a necesidade de tramitar un proxecto modificado.
2. **Cales son as explicación dadas polo xefe do servizo de Aqualia polo incumprimento do protocolo en situacións de moitas choivas?**
Dende que o actual Xefe de Servizo está no posto nunca tivera que facer fronte a unha situación similar, descoñecendo a existencia dese protocolo do que, segundo el, tampouco foi advertido polo persoal da empresa
3. **Cales son as actuación previstas para Semana Santa en canto as praias do concello? Que previsións temporais hai sobre actuación en limpeza e melloras?**

A Covid-19 trastocou todo o traballo que tiñamos previsto de cara á Semana Santa. Aínda así, hai xa algunhas semanas que estamos inmersos na limpeza e acondicionamento de espazos públicos naturais, de viais, praias, xardíns, cemiterios... Para iso empregamos moitos recursos propios e contratados, supoñendo un gran esforzo desde o punto de vista económico, coa finalidade de recuperar as semanas nas que non se puido traballar con normalidade e chegar ao comezo da tempada estival en mellores condicións ca en anos anteriores. Cómpre salientar que o Concello non só asume labores de mantemento e conservación que lle son propias, senón tamén as que por omisión doutros organismos e/ou administracións, temos que acometer para que a cidadanía goce dos espazos nas mellores condicións de hixiene e seguridade.

Preguntas formuladas por Dona María del Carmen Núñez Rey.

- 1. Vai arranxar a cámara de xeo e frigorífica da praza de abastos que ten as luces fundidas?**

No momento en que foi formulada a pregunta, a cámara xa fora arranxada.

Preguntas formuladas por Don Jesús Ángel Rodríguez Piedras.

- 1. Con respecto ao circo no aparcadoiro das Lagoas, por que se instalou alí se hai o campo de fútbol a escasos metros? Deste xeito evitaríase quitar estacionamento aos veciños. Hai seguimento polos funcionarios para controlar os recintos antes e despois do seu uso? Hai fianza constituída polos danos que poden ser ocasionados?**

O campo de fútbol anexo é unha propiedade privada que usa o concello con autorización dos seus propietarios e ten unhas condicións para o seu uso, polo tanto non todas as actividades se poden desenvolver neste espazo. Ademais neses intres o estado do chan non estaba en condicións de albergar ningunha instalación e se optou polo aparcadoiro.

Normalmente se fai un seguimento por parte da policía local, na chegada e na saída.

Non se solicitou fianza pois pagan taxa por ocupación de dominio público e por actividade, asimilable aos postos de festa, sen que haxa nada específico que lles obrigue ao seu depósito, outra cousa é que dados os antecedentes se poida fixar algún tipo de fianza de cara ao futuro.

- 2. Con respecto ao acceso para discapacitados ou persoas con mobilidade reducida no Pavillón Herbello, alguén do concello revisou a pasarela? O chan ten buracos de 3 x 3, polo que as persoas con bastóns ou tacóns terían dificultades.**

En principio son un tipo de estruturas que habitualmente se utilizan para este tipo de ramplas, pola súa durabilidade, lixeireza e rapidez na execución. O acceso está pensado sobre todo para a accesibilidade de persoas en cadeiras de rodas, e polo tanto se entende axeitado para o fin co que se deseñou.

- 3. No pavillón municipal de deportes Pablo Herbelo, por que as portas de emerxencia están pechadas con candado e cadeas?**